



Recomendación dirixida á Consellería de Cultura, Educación e Universidade para que na regulación dos prezos públicos de matrícula dos estudos conducentes á obtención do título oficial de doutor ou doutora, que corresponde fixar á Comunidade Autónoma, se aplique unha redución dun 50% sobre o prezo da titoría anual ás primeiras matrículas realizadas no segundo semestre do curso académico

Expediente: D.3.Q/7543/21

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2022

Sr. conselleiro:

Como sabe, ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención xxxxx.

ANTECEDENTES

No seu escrito, indicaba que presentaba a súa queixa por mor do disposto para as persoas matriculadas nun programa de doutoramento no Decreto 103/2021, do 1 de xullo, polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema universitario de Galicia para o curso académico 2021/22, publicado no DOG do 13 de xullo de 2021.

Segundo o disposto no artigo 2.4: "Os prezos públicos que se aboarán pola matrícula en programas de doutoramento son os establecidos no número 4 da tarifa primeira do anexo, en concepto de titoría anual de doutoramento". En dito Anexo establécense prezos para os cursos ou complementos formativos e para a titoría anual de doutoramento. Deste xeito enténdese que só se contempla a posibilidade de realizar unha matrícula anual a tempo completo.

Dende a Asemblea de Investigadoras de Compostela (AIC) entenden que esta redacción é discriminatoria para as persoas que non realizan unha matrícula anual e se lles obriga a aboar a anualidade completa. Nas universidades galegas ofrécense varios tipos de matrícula de doutoramento. En función do tempo de dedicación, existen matrículas a tempo completo e a tempo parcial; e en función do momento no que se realiza a primeira matrícula, a matrícula do primeiro ano pode durar todo o curso ou un só semestre. Neste caso, no que se realizan un maior número de matrículas, as persoas formalizan a súa primeira matrícula no segundo semestre dun curso académico. As universidades galegas ofrecen a posibilidade de matricularse de forma ordinaria nos programas de doutoramento ao iniciarse o curso, no primeiro semestre, ou no segundo semestre.

Dado que o citado Decreto estivo dispoñible en forma de borrador ata o 07/06/2021 no portal da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para realizar consultas e suxestións, dende a AIC fixéronse as seguintes suxestións:

-Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade considere estipular no devandito decreto o prezo público de matrícula da "titoría anual de doutoramento a tempo parcial" (cun custo proporcional ao tempo de titorización en relación coa anual). Solicitábase que a matrícula a tempo parcial supoña un custo do 60% da matrícula a tempo completo, é dicir, unha redución do prezo da titoría anual de doutoramento de 200,00€ a 120,00€.

-Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade considere estipular no devandito decreto o prezo público dunha titoría semestral de doutoramento (cun custo proporcional ao tempo de titorización en relación co anual) para que así se aplique a partir do vindeiro curso. Solicitábase que unha matrícula semestral supoña o 50% do custo dunha matrícula anual, é dicir, unha redución do prezo da titoría anual de doutoramento de 200,00€ a 100,00€."

Ambas peticións foron desestimadas, recibindo da Secretaría Xeral de Universidades a mesma resposta para ambas. Os dous correos electrónicos, recibidos pola asociación de investigadores que promoveu esta queixa na mesma data do 21 de xuño recollían a seguinte consideración:

"Non se acepta porque o programa de doutoramento non se acolle as previsións docentes propias do grao e do máster."

ANÁLISE

O primeiro que debemos sinalar é que este expediente de queixa foi rexistrado o 27 de xullo de 2021 e admitido a trámite na data do 2 de agosto. O 10 de setembro realizouse un primeiro

requirimento do informe, e o 26 de outubro, o segundo requirimento, sen que a administración achegase o seu informe. O 14 de marzo houbo que formularlle un recordatorio dos seus deberes legais e unha advertencia, e o día 24 de marzo rexistrouse o informe desa consellería nesta institución, cunha demora de case sete meses, sen que conste ningún escrito da Consellería de Cultura, Educación e Universidade solicitando aprazamento ou xustificando os motivos deste atraso.

Con respecto á situación reflectida na queixa, é preciso distinguir dous casos diferenciados: a matrícula a tempo parcial e a matrícula semestral.

En relación coa matrícula a tempo parcial, como sinalaban no escrito de queixa as persoas investigadoras que promoveron este expediente, as tres universidades do Sistema Universitario Galego, nos seus respectivos Regulamentos de Estudos de Doutoramento, indican claramente unha equivalencia entre a matrícula tempo parcial e a tempo completo con efectos a nivel de cómputo de prórrogas e duración máxima dos estudos de doutoramento.

O Regulamento de Estudos de Doutoramento da UDC recoñece no seu artigo 24.4 un cómputo de tempo para o doutoramento a tempo parcial equivalente ao 60% dunha matrícula a tempo completo á hora de calcular os tempos de prórroga. A mesma filosofía emana do Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC. No seu artigo 20.1 dispónse unha fórmula para o cómputo do tempo de permanencia nos estudos de doutoramento, onde o tempo baixo modalidade parcial computa un 60% do que suporía o mesmo período a tempo completo. Así mesmo, no artigo 25 do Regulamento de Estudos de Doutoramento da Universidade de Vigo atopamos tamén a mesma postura, recoñecendo a matrícula a tempo parcial como un 60% do análogo a tempo completo.

Sen embargo, a matrícula a tempo parcial non limita a dedicación do titor a un número concreto e prefixado de horas, como se se tratasen dos créditos docentes do grao. A matrícula a tempo parcial, modalidade por outra parte moi solicitada nas escolas de doutoramento, só implica un incremento do prazo máximo para o depósito da tese que pasa dos tres anos na modalidade a tempo completo a cinco anos na modalidade a tempo parcial.

A titoría anual cubre a dedicación do director da tese xa que, malia que a matrícula é a tempo parcial, non se predetermina na matrícula os meses do ano ou a dedicación semanal do alumno á tese, de forma que o director ou titor está a disposición do alumno todo o curso académico durante os diferentes anos. Por iso, o custe da titoría é anual, porque non hai un tempo limitado de dedicación do profesor por horas ou por períodos do curso. Isto é o que parece querer indicar a Consellería de Cultura, Educación e Universidade cando se refire a que

“o programa de doutoramento non se acolle ás previsións docentes propias do grao e do mestrado”, explicación insuficiente para desestimar unha alegación ao borrador do decreto. Máis clara é a xustificación proporcionada no informe no senso de que nos graos e mestrados, a docencia está estruturada en créditos (ECTS) de materias cuatrimestrais, o que fai posible dividir o esforzo académico do alumnado. As actividades que debe realizar o doutorando requiren que sexa obxecto dunha tutela especial e continua pola universidade, polo departamento no que se realizan os estudos de doutoramento e pola comisión académica do programa.

Cousa distinta é a posibilidade de 1ª matrícula no segundo semestre. Con respecto á matrícula semestral, semella coherente aplicar unha redución dun 50% sobre o prezo orixinal, ao non gozar da matrícula durante unha anualidade enteira senón só durante a metade do tempo, aproximadamente. Aplicando o mesmo razoamento, os servizos académicos só están ao dispor do alumno a metade do curso, polo que non parece lóxico o pago dunha titoría anual por un servizo xa inicialmente definido como de duración semestral na primeira matrícula no programa de doutoramento realizada na convocatoria extraordinaria do segundo semestre.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Cultura, Educación e Universidade a seguinte **recomendación**:

Tendo en conta que na convocatoria de matrícula de cada curso académico, ás universidades do SUG establecen os períodos de admisión e matrícula ordinarios para os doutorandos de novo ingreso, de acordo cun calendario harmonizado de matriculación común, e que establecen tamén os períodos de primeira matrícula extraordinaria no segundo semestre do ano, no mes de febreiro, recoméndase que na regulación dos prezos públicos de matrícula dos estudos conducentes á obtención do título oficial de doutor ou doutora, que corresponde fixar á Comunidade Autónoma, se aplique unha redución dun 50% sobre o prezo da titoría anual ás primeiras matrículas realizadas no segundo semestre do curso académico.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo